



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 27 DE MARZO DE 2014

LICENZAS

LIC/198/2013.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS PREGUNTOIRO, 6-8.- Conceder a licenza para rehabilitación parcial de edificio de vivendas na Rúa Preguntoiro, 6-8.

LIC/1791/2013.- ENCARNACIÓN VANESA CALVIÑO.- Conceder a licenza para construción de vivenda unifamiliar en Lugar de Vila Fernández.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/1798/2013.- ANTONIO JOSÉ MARÍA MACEIRA LEMALIC/2094/2010 1.000 €.

LIC/87/2014.- MANUEL MARTÍNEZ LADOLIC/699/2013 600 €.

4 a 37.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

38.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á estimación dun recurso de reposición interposto contra o acordo da sesión de 27.3.13, desestimatorio dunha bonificación no Imposto sobre Bens Inmobles.

A proposta da Concelleira de Facenda a XGL aprobou rexeitar a solicitude de bonificación dunha cidadá no IBI xa que, segundo a actual Ordenanza 1.01 reguladora do deste imposto, para poder ter dereito a esa bonificación o inmovible ten que ser de uso residencial, requisito que neste caso non se cumpre.

39.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense as exencións.

40.- Proposta da concelleira delegada de Economía relativa á autorización de traspaso das casetas da Praza de Abastos núm. NC238 e NC239.

Autorízase o traspaso.

41.- Solicitude de transmisión da licenza número 60 de autotaxi.

Autorízase a transmisión.

42.- Proposta da concelleira delegada de Economía relativa á autorización de transmisión da caseta da Praza de Abastos número "NA351".

Autorízase a transmisión.

43.- Proposta da concelleira delegada de Economía relativa á autorización de traspaso da caseta da Praza de Abastos número "NC132".

Autorízase o traspaso.

44.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión gratuíta de estadio de San Lázaro (pistas de atletismo, vestiarios e bancadas) para a I edición da carreira solidaria IN REAL TIME - RUN WITH ETHIOPIA.

A proposta do concelleiro de Deportes e unha vez vista solicitude presentada pola ONG Abay (Asociación para o Desenvolvemento de Etiopía) para a organización da denominada I edición da carreira solidaria IN REAL TIME - RUN WITH ETHIOPIA que prevé a participación de 600 atletas, a XGL aprobou conceder a utilización con carácter gratuíto do Estadio

Municipal de San Lázaro para poder desenvolver este evento deportivo. A entidade poderá colocar elementos publicitarios e será responsable da organización desta carreira.

45.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á cesión á USC de solo no SUP-5 Choupana para Campus das Ciencias da saúde.

A XGL aprobou a cesión do solo no SUP-5 Choupana para Campus das Ciencias da Saúde segundo o recollido no convenio firmado entre o Concello e a USC o 10 de marzo de 2005 e que se realizará de forma. Dito solo conta cunha superficie de 14.936 m². Esta actuación supón unha cesión gratuita e por tempo indefinido. Os edificios que se instalarán aquí son o CEBEGA (Centro de Biomedicina Experimental) e o CIMUS (Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas).

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a informe do Concello sobre a ampliación nunha hora do horario límite de peche dos establecementos de hostelería que figuran no expediente.

Á vista da solicitude do presidente da Asociación Hostelería Compostela a XGL aprobou conceder unha ampliación dunha hora no horario límite do que dispoñen na actualidade sempre e cando os establecementos dispoñan da correspondente licenza municipal e cumbran con toda a normativa de aplicación. Este ampliación é coincidindo coas seguintes datas de interese turístico e festivo para Santiago, Semana Santa, período do 11 de abril ata o día 20 de abril de 2014.

2.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Emprego, Comercio e Turismo relativa á aprobación da convocatoria de axudas para a creación de novas empresas “Santiago Investors Support 2014”.

A XGL aprobou a proposta da concelleira de Economía a convocatoria de axudas para a creación de novas empresas “Santiago Investors Support 2014”. A través deste Programa buscábase fomentar a creación de novas empresas en Santiago de Compostela mediante unha liña de axudas para empresas creadas nos últimos dous anos. Esta iniciativa para promover a creación de empresas na nosa cidade conta cun orzamento de 100.000 € que irán con cargo os orzamentos municipais de 2014.

3.- Proposta da concellería de Economía, Emprego, Comercio e Turismo relativa á aprobación da convocatoria de axudas para a realización de actividades de promoción económica no Concello de Santiago para 2014 no marco do programa Santiago Investors Support.

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Economía a convocatoria de axudas para a realización de promoción económica no Concello de Santiago de Compostela dentro do “Santiago Investors Support 2014”. Estas accións consistirían en xornadas técnicas, seminarios, foros ou premios dirixidos á difusión de técnicas, metodoloxías, ferramentas ou boas prácticas nos terreos da innovación e competitividade. Tamén para a realización de encontros empresariais. Esta iniciativa conta cun orzamento de 25.000 € que irán con cargo os orzamentos municipais de 2014.

4.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para servizos comunitarios básicos.

A XGL aprobou a proposta da concelleira de Servizos Sociais solicitar unha subvención á Consellería de Tránsito e Benestar para o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios, tales como o Programa de Axuda no Fogar e Axuda no Fogar para persoas dependentes. O orzamento total destes Servizos son de 1.695.050,62 €. A solicitude da subvención será por un importe de 721.213 €, o que suporá unha achega municipal de 973.837,62 € para financiar estes servizos.

5.-Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á prórroga do servizo de desratización e desratonización no termo municipal de Santiago.

Á vista da próxima finalización do contrato do servizo de desratización e desratonización no termo municipal de Santiago, é de acordo co informe emitido polo Departamento de Contratación, a XGL aprobou prorrogar este contrato por un ano contando a partir do 4 de abril de 2014 e que terá os seguintes custes:

Anualidade 2014: 16.153,50 € (ive incluído)

Anualidade 2015: 5.625,50 € (ive incluído)

6.- Proposta do concelleiro delegado da área de Participación Cidadá relativa á adxudicación do servizo de mantemento e reparacións das instalacións de seguridade antirrobo, sistemas contraincendios e equipos de protección contraincendios instalados nos centros socioculturais do Concello de Santiago.

A XGL a proposta do Concelleiro de CSC aprobou adxudicar do servizo de mantemento e reparacións das instalacións de seguridade antirrobo, sistemas contraincendios e equipos de protección contraincendios instalados nos centros socioculturais do Concello de Santiago á empresa SEGURIDADE A-1 polos seguintes importes ao ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Anualidade 2014: 14.542,69 € (ive incluído)

Anualidade 2015: 19.390,25 € (ive incluído)

Anualidade 2016: 4.847,56 € (ive incluído)

7.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa a dar continuidade aos trámites da contratación do servizo de limpeza, conserxería e control das instalacións dos CEIPS dependentes do Concello, á vista do Auto 81/2014 do Xulgado Contencioso administrativo nº 1 .

Con data 28 de febreiro de 2014 tivo entrada no Concello de Santiago un Auto do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 en resolución do recurso interposto pola empresa SERMASA contra o acordo da XGL de 26 de setembro de 2013 que desestimaba o recurso especial en materia de contratación presentado por esta empresa pola adxudicación do servizo de limpeza, conserxería e control das instalacións dos CEIPS dependentes do Concello á empresa UTE FERROVIAL SA-FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA. O Auto desestima a pretensión da empresa de solicitude de medida cautelar consistente na suspensión do acto administrativo impugnado, é dicir da decisión da XGL. Visto isto a XGL aprobou continuar con trámites deste procedemento de contratación e, concretamente, coa formalización deste contrato coa empresa adxudicataria do mesmo a UTE FERROVIAL SA-FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA.

8.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á determinación de servizos prioritarios a efectos de nomeamento de persoal funcionario interino ou laboral.

Dada a posibilidade que permite a Lei de Orzamentos Xeral do Estado para 2014 de contratar máis persoal nas Administracións Públicas previa declaración de Servizos Prioritarios e ante a necesidade de realizar contratacións a XGL aprobou, a proposta da Concelleira de Persoal, declarar prioritarios os Servizos de Educación e Parque Móbil.

9.- Proposta da concelleira delegada de Turismo relativa á aprobación da memoria e orzamento das actividades do Plan de Competitividade Turística 2014,e encomenda a INCOLSA da execución das accións.

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Turismo a memoria e orzamento das actividades do Plan de Competitividade Turística 2014,e para a súa remisión á Deputación Provincial.

O orzamento deste Plan é de 143.750 €, dos que a Deputación aportará ata un máximo de 115.000 € sendo a achega do Concello de 28.750 €.

Tamén se aprobou pola XGL a encomenda das actividades deste Plan á empresa municipal INCOLSA.

10.- Aprobación do expediente , gasto e apertura do procedemento de adxudicación das obras de mellora e acondicionamento de firme na pista de Son de Abaixo (A Gracia) a Bargo (A Peregrina) incluídas no POS Adicional 1/2013 da Deputación da Coruña.

A XGL aprobou a proposta da concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible o proxecto de das obras de mellora e acondicionamento de firme na pista de Son de Abaixo (A Gracia) a Bargo (A Peregrina) incluídas no POS Adicional 1/2013 da Deputación da Coruña.

Esta obra terá un orzamento de execución por contrata de 40.964,48 € e o prazo de execución é de 3 meses

11- Proposta da concelleira delegada de Réxime Interior relativa á aprobación do expediente,gasto e apertura do procedemento de contratación do servizo de asistencia xurídica ao Concello de Santiago.

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Réxime Interior o expediente, gasto e apertura do procedemento de contratación do servizo de asistencia xurídica ao Concello de Santiago.

Este servizo terá os seguintes importe de licitación por ano:

Anualidade 2014: 68.361,58 €

Anualidade 2015: 102.542,37 €

Anualidade 2016: 34.180,79 €

12.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á corrección de erros no acordo da sesión de 13.2.14, de aboamento de parte da paga extraordinaria do segundo semestre de 2012.

A XGL aprobou á corrección de erros no acordo da sesión de 13.2.14, de aboamento de parte da paga extraordinaria do segundo semestre de 2012.O que ocorreu é que a unha traballadora municipal pagouselle de menos e agora abóase a diferenca.